


# A BIBLIOTRIVIAL

## VISITA PARA ESCOLARES DE EDUCACIÓN PRIMARIA

*Grupos 1: 1º, 2º e 3º de E. Primaria*

*Grupos 2: 4º, 5º e 6º de E. Primaria*

*Duración da visita: 1 hora*



## INTRODUCCIÓN E OBXECTIVO XERAL

Con esta actividade propónse dar a coñecer aos/ás alumnos/as de Educación Primaria a sala infantil da Biblioteca Pública e o seu funcionamento, en concreto, o procedemento de busca dos fondos, a distribución das seccións que teñen dispoñibles segundo a súa idade, o sistema de préstamo... Trátase de combinar a divulgación do coñecemento e o gusto pola lectura de forma lúdica e interactiva.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Espertar o interese dos/das nenos/as pola lectura.
- Divulgar o coñecemento en diferentes materias.
- Aprender o procedemento de consulta do catálogo da biblioteca.
- Coñecer a distribución da sala e as seccións nas que se organizan os libros.
- Utilizar os libros da sala infantil como soporte da actividade.

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Realizarase unha visita dunha hora de duración coas seguintes actividades: A primeira parte da sesión estará dedicada a coñecer a sala (a súa distribución, normas, recursos...) e incluírse unha breve explicación sobre o funcionamento do catálogo informático. A segunda parte estará dedicada a reforzar o sistema de busca dos libros pola sinatura e o coñecemento dos fondos de lecturas da sala infantil, utilizando como recurso motivador o xogo do trivial.

### **Breve explicación do xogo do trivial:**

No xogo, cada tarxeta contén unha pregunta do tema que saia na tirada. As preguntas serán adaptadas ao nivel de idade dos nenos e nenas.

Os/as nenos/as distribúense por equipos cada un dunha cor. Unha vez se lles formule unha pregunta ou un “reto”, terán que procurar a resposta na sección ou seccións da sala correspondente/s a ese tema ou levar a cabo o reto nun tempo máximo. Tamén sería válido se soubesen a resposta eles mesmos. Cada resposta acertada supón un novo “queixiño” na súa ficha. O xogo continúa ata rematar o tempo da visita ou ata que un equipo consiga todos os “queixiños”, un de cada cor.

Traballarase por equipos e, sempre que a dinámica o permita, reservaranse uns minutos finais para a reflexión sobre os coñecementos e habilidades adquiridas.

# EXPLORA-CIENCIA

*VISITA PARA ESCOLARES DE EDUCACIÓN PRIMARIA*

*Grupo: 4º, 5º e 6º de E. Primaria*

*Duración da visita: 1 hora*



## INTRODUCCIÓN E OXECTIVO XERAL

Con esta actividade ademais de dar a coñecer aos/ás alumnos/as de 4ª a 6º de Educación Primaria a sala infantil da Biblioteca Pública de Pontevedra co procedemento de busca dos fondos, a distribución das seccións dispoñibles para eles e o seu funcionamento, procuraremos potenciar o seu interese pola ciencia, combinando a divulgación científica e a lectura de forma lúdica e interactiva.

## OXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Divulgar o coñecemento e a actividade científica.
- Comprender o mundo que nos rodea recoñecendo o papel da ciencia na vida cotiá.
- Acercar aos nenos e as nenas ao método científico a través de experiencias sinxelas.
- Aprender o procedemento de consulta do catálogo da biblioteca.
- Coñecer a distribución da sala e as seccións nas que se organiza.
- Coñecer o funcionamento da Biblioteca e o sistema de préstamo.
- Utilizar os libros da sala infantil como soporte da actividade.
- Potenciar o traballo en equipo.

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

A visita inclúe unha primeira explicación de cómo están organizados os libros por sección e a súa busca por materias ou por temas. Trala explicación, e para que eles/as mesmos/as comprobem o funcionamento de busca utilizando o catálogo informatizado, propoñemos unha actividade na que unha vez divididos en grupos repartíremolles diferentes tarxetas que conteñen a materia “ Experimentos” e o título dun libro que os/as participantes de cada un dos grupos terán que procurar no catálogo e atopar no seu estante.

**A cada grupo proporcionaráselles os materiais necesarios para o desenvolvemento dun sinxelo experimento ou experiencia que pode levar consigo a fabricación dalgún mecanismo que estará explicado no libro que atoparon, buscando eles mesmos as instrucións necesarias.**


Unha vez rematen, poremos en conxunto as experiencias de todos os grupos e o seu significado científico.

# DESCUBRIMOS A BIBLIOTECA COA CEBRA CAMILA

*VISITA PARA ESCOLARES DE EDUCACIÓN PRIMARIA*

*Grupos: 1º, 2º e 3º E. Primaria*

*Duración da visita: 1 hora*



## INTRODUCCIÓN E OBXECTIVO XERAL.

Con esta actividade propónse dar a coñecer a sala infantil da Biblioteca Pública aos alumnos e alumnas de 1º, 2º e 3º de Educación Primaria, que recoñezan os diferentes espazos, saiban moverse por eles en función do que estean a buscar e que observen os diferentes tipos de materiais cos que se poden atopar .

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Espertar o interese dos/das nenos/as pola lectura.
- Identificar a Biblioteca como lugar de ocio.
- Aprender o procedemento de consulta do catálogo da biblioteca.
- Coñecer a distribución da sala e as seccións nas que se organizan os libros.
- Utilizar os libros e revistas da sala infantil como soporte da actividade.

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

A visita terá unha hora de duración. A primeira parte consistirá nunha explicación das normas básicas da biblioteca, sobre os materiais que podemos atopar, como utilizalos e mesmo como podemos facernos socios. Posteriormente empregaremos como recursos o **conto da cebra Camila** e **un xogo de pistas** para que vaian recoñecendo o espazo da biblioteca e se fagan con el.

### **Breve explicación da actividade:**

Diferentes elementos do conto serán distribuídos en sobres no interior das páxinas dos libros da sala. Mediante directrices moi sinxelas darémoslles pistas sobre a sección na que se atopan agochadas as pistas.

Cando entre todos atopen tódolos elementos, quitaranse cada un do seu sobre e colocaranse xuntos nun pano branco para que os nenos os observen e poidan imaxinar para que pode servir todo iso. Mediante pistas sobre os elementos, trataremos de que adiviñen de que conto se trata. Logo pasaremos a contar o conto colocando cada nova raia da Cebra Camila no seu vestido esfarrapado.

Os últimos minutos da visita dedicaranse á lectura libre no espazo da biblioteca.

# MONSTROS AMIGOS NA BIBLIOTECA

*VISITA PARA ESCOLARES DE E.PRIMARIA*

*Grupos: 1º, 2º e 3º de Primaria*

*Duración da visita: 1 hora*



## INTRODUCCIÓN E OBXECTIVO XERAL.

Con esta actividade propónse dar a coñecer a sala infantil da Biblioteca Pública aos/as alumnos/as de 1º, 2º e 3º de Educación Primaria, que recoñezan os diferentes espazos, saiban moverse por eles en función do que estean a buscar e observen os diferentes tipos de materiais cos que se poden atopar .

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Espertar o interese dos/as nenos/as pola lectura.
- Identificar a Biblioteca como lugar de ocio.
- Aprender o procedemento de consulta do catálogo da biblioteca.
- Coñecer a distribución da sala e as seccións nas que se organizan os libros.
- Utilizar os libros e revistas da sala infantil como soporte da actividade.

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Ao chegar, acollida dos/das nenos/as, acompañados/as dos seus mestres/as. Facemos un pequeno percorrido polo espazo explicándolles de forma sinxela a organización da biblioteca, comentándolles a súa importancia e funcionalidade, as súas normas...

Posteriormente falaremos dos medos amigos, dos monstros de armario, dos monstros de cama, até dos monstros de libros e traballaremos co conto: “Onde viven os monstros”.

O obxectivo, e desmitificar a figura do medo polo que crearemos o noso monstro amigo a partires de elementos reciclados e traballaremos os valores da amizade, o respecto e a imaxinación dos/as nenos/as.

Os últimos minutos da visita dedicaranse á lectura libre no espazo da biblioteca.

# Á BIBLIOTECA CON COCORICO

*VISITA PARA ESCOLARES DE E.INFANTIL*

*Grupos: 4º, 5º e 6º de Infantil*

*Duración da visita: 1 hora*



## INTRODUCCIÓN E OBXECTIVO XERAL.

Esta actividade propónse para dar a coñecer aos/as alumnos/as de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil a sala infantil da Biblioteca Pública, que recoñezan os diferentes espazos, saiban moverse por eles en función do que estean a buscar e observen os diferentes tipos de materiais cos que se poden atopar.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

- Espertar o interese dos/das nenos/as pola lectura
- Identificar a Biblioteca como lugar de ocio
- Coñecer a distribución da sala e as seccións nas que se organizan os libros
- Utilizar os libros e revistas da sala infantil como soporte da actividade.

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Ao chegar, acollida dos/das nenos/as, acompañados/as dos seus mestres/as. Facemos un pequeno percorrido polo espazo explicándolles de forma sinxela a organización da biblioteca, comentándolles a súa importancia e funcionalidade, as súas normas...

Na segunda parte traballaremos co conto de **Cocorico**, unha adaptación libre dun conto tradicional birmano que trata sobre a necesidade de escoitar os bos consellos, do importante que é cumprir as promesas e da dificultade que supón aprender a compartir.

Por medio do conto traballaremos cos nenos/as a superación dos medos infantís e a importancia dos cinco sentidos na nosa relación co entorno.

**Xogamos cos sentidos:** Igual que Gato Pelado descobre finalmente a Cocorico usando o sentido do tacto. Os nenos/as terán que adiviñar usando o sentido do tacto algúns obxectos agochados.

Os últimos minutos da visita dedicaranse á lectura libre no espazo da biblioteca.

# COCICONTOS

*VISITA PARA ESCOLARES DE E.INFANTIL*

*Grupos: 4º, 5º e 6º de Infantil*

*Duración da visita: 1 hora*



## INTRODUCCIÓN E OBXECTIVO XERAL.

Esta actividade propónse para dar a coñecer aos/as alumnos/as de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil a sala infantil da Biblioteca Pública, que recoñezan os diferentes espazos, saiban moverse por eles en función do que estean a buscar e observen os diferentes tipos de materiais cos que se poden atopar.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

- Espertar o interese dos/das nenos/as pola lectura
- Identificar a Biblioteca como lugar de ocio
- Coñecer a distribución da sala e as seccións nas que se organizan os libros
- Utilizar os libros e revistas da sala infantil como soporte da actividade.

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Ao chegar, acollida dos/das nenos/as, acompañados/as dos seus mestres/as. Facemos un pequeno percorrido polo espazo explicándolles de forma sinxela a organización da biblioteca, comentándolles a súa importancia e funcionalidade, as súas normas...

Na segunda parte da sesión traballamos co conto popular “**El gato tragón**”, un gato lambón que come todo o que se lle pon por diante. Texto encadeado que invita ao xogo oral e pon a proba a memoria dos nenos/as.

### *Xogamos e aprendemos sobre alimentación suudable*

Falamos sobre a importancia de comer ben para medrar fortes e sans, facendo fincapé na boa alimentación e no xogo de recoñecemento dos alimentos a partires dunha receita de cociña simulada das mans da cociñeira contacontos.

Os últimos minutos da visita dedicaranse á lectura libre no espazo da biblioteca.

# SOMOS ÚNICOS/AS COMO UMA

*VISITA PARA ESCOLARES DE E.PRIMARIA*

*Grupos: 4º, 5º e 6º de Primaria*

*Duración da visita: 1 hora*



## INTRODUCCIÓN E OBXECTIVO XERAL.

Con esta actividade propónse dar a coñecer a sala infantil da Biblioteca Pública aos/as alumnos/as de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria, que recoñezan os diferentes espazos, saiban moverse por eles en función do que estean a buscar e observen os diferentes tipos de materiais cos que se poden atopar .

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Espertar o interese dos/as nenos/as pola lectura.
- Identificar a Biblioteca como lugar de ocio.
- Aprender o procedemento de consulta do catálogo da biblioteca.
- Coñecer a distribución da sala e as seccións nas que se organizan os libros.
- Utilizar os libros e revistas da sala infantil como soporte da actividade.

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Ao chegar, acollida dos/das nenos/as, acompañados/as dos seus mestres/as. Facemos un pequeno percorrido polo espazo explicándolles de forma sinxela a organización da biblioteca, comentándolles a súa importancia e funcionalidade, as súas normas... Posteriormente falaremos do conto *Qué lle pasa a Uma?* como forma de abordar diferentes temas como os medos, os amigo/as, a nosa clase...

O obxectivo da actividade é favorecer actitudes e comportamentos de respecto e empatía cara os demais. Preténdese reflexionar sobre o respecto ás peculiaridades de cada persoa, fomentando a comunicación entre os/as participantes.

Farán un pequeno debate sobre o texto aportando entre todos as súas reflexións. Elaborarán unha pequena árbore de desexos, cargada con ideas para solucionar estas situacións. Colleremos as ideas da árbore, lerémolas e meterémolas dentro dun saco que quizais poderán utilizar nalgún momento futuro.

# UNHA BALEA AMIGA NA BIBLIOTECA

*VISITA PARA ESCOLARES DE E.INFANTIL*

*Grupos: 4º, 5º e 6º de Infantil*

*Duración da visita: 1 hora*



## INTRODUCCIÓN E OBXECTIVO XERAL.

Esta actividade propónse para dar a coñecer aos/as alumnos/as de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil a sala infantil da Biblioteca Pública, que recoñezan os diferentes espazos, saiban moverse por eles en función do que estean a buscar e observen os diferentes tipos de materiais cos que se poden atopar.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Espertar o interese dos/as nenos/as pola lectura.
- Identificar a Biblioteca como lugar de ocio.
- Coñecer a distribución da sala as sección nas que se organizan os libros.
- Utilizar os libros e revistas da sala infantil como soporte da actividade.

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Ao chegar, acollida dos/das nenos/as, acompañados/as dos seus mestres/as. Facemos un pequeno percorrido polo espazo explicándolles de forma sinxela a organización da biblioteca, comentándolles a súa importancia e funcionalidade, as súas normas...

O obxectivo da actividade é servirse dos contos como forma de traballar as emocións, os sentimentos e os valores, para este fin, a través do conto de “A balea”, falaremos co grupo sobre a amizade, a amabilidade, a empatía e o aprecio polas diferenzas de cada un.

Os nenos e as nenas xuntaranse en equipos para contarse que é o que máis lle gusta do outro, aspectos positivos que melloren a autoestima e para que tamén se sentan queridos polos demais.

Os últimos minutos da visita dedicaranse á lectura libre no espazo da biblioteca.